

**BREVE APUNTE PARA UNHA FUTURA  
HISTORIA DO CÓMIC GALEGO**

*Breixo Harguindey Barrio*

# ÍNDICE

## **-INTRODUCCIÓN**

## **-CONTRA O FRANQUISMO, CÓMICS**

1- XAQUÍN MARÍN E REIMUNDO PATIÑO: O GRUPO *FUSQUENLLA*.

2- O GRUPO DE *COMICS DO CASTRO*.

## **-OS FANZINES, ASAMBLEA DE PAPEL**

3- A EXPLOSIÓN DO FANZINISMO

4- O *FRENTE COMIXARIO*

## **-EPÍLOGO**

## **-ANEXO 1: PATIÑO POR SÍ MESMO**

## **-ANEXO 2: TEXTO DO CATÁLOGO DE *CÓMIC GALEGO***

## **-BIBLIOGRAFÍA**

## **-CRONOLOXÍA**

## INTRODUCCIÓN

Este non foi un traballo doado. Innda que autosatisfactorio, rastrexar a produción galega de comics e unha tarefa árdua por necesariamente fragmentaria. O inevitable problema de tempo deixa mangadas bastantes páxinas escritas sobre Castelao e a historia do humorismo gráfico que se plantexaba como primeira parte do traballo, as remotas e descoñecidas orixes do cómic galego de mans de nomes coma o misterioso Almogueira ou o pontevedrés Nene Estivill, por non falar da historia recente dos fanzines e salóns ou o relato do cómic infantil e os álbums editados por Xerais e, por suposto, o capítulo sobre Prado. Esperamos poder completar a investigación nun próximo futuro.

Optando polo práctico delimitamos o traballo en torno ao núcleo duro da historieta galega, aquel que comprende desde o seu (re)xurdimento durante o franquismo ate o proxecto do Frente Comixario.

É preciso aclarar para o lego algunha terminoloxía empregada. Respecto dos sistemas de edición debemos dicir que basicamente hai dous: o álbum, formato grande, que pode ser tapado en rústica (tapas blandas) ou en cartoné (tapas duras), e o cómic book que é un formato pequeno que a diferenza do álbum está grapado e non co canto cortado ou liso. Respecto dos formatos periódicos a diferenza principal é a existente entre a revista (profesional) e o fanzine (de afeizoados). A fronteira entre ambos é pequena e para diferenciarlos máis que servir criterios de calidade sirven aspectos editoriais como a súa continuidade e viabilidade comercial. Neste sentido pódese dicir que se ben ata hoxe con *Elipse* e *Golfiño* non existiron as revistas, o que houbo foi unha peculiar forma do fanzine. Peculiar por estar apoiado maioritariamente por institucións e asociacións (creando unhas lóxicas e dependencias específicas) e por ofrecer no caso do Frente Comixario continuidade no tempo e repercusión social relevante. En calquera caso, non se integraban dentro dun proxecto económico prefigurado senón que se baseaban no voluntarismo, e velaí a mellor característica dos fanzines.

Por último, respecto do problema da nominación do medio adoptamos a terminoloxía internacional: *cómic*. Pódese argumentar que nin os propios americanos están todos de acordo co nome: algúns propoñen subsumir cómic, referido aos comic-books, baixo o global *cartoon*, referido a toda a figuración narrativa incluídos os *funnies* ou tiras de prensa<sup>1</sup>. Outro argumento é respecto da precisión da definición: os comics non teñen porque ser cómicos e poderíase optar pola terminoloxía francesa *Bande Dessinée*. A definición límtase aquí no concepto de bande ou tira: precisión inadecuada para un medio baseado na unidade da páxina. Pero ¿porqué non optar polo nome italiano *fumetti* que se refire aos globos? novo límite nos comics mudos.

Se puidera escoller apuntaría dúas posibilidades: o cantonés *linhuan-hua* que significa imaxes encadeadas ou o brasileiro *quadrinhos*. Inda que na miña opinión cuadriños sería a mellor opción "normativa" por combinar precisión semántica e proximidade lingüística optamos por empregar o "normal": cómic ou o seu alternativo catalán *historieta*.

---

<sup>1</sup> Os defensores da adopción do termo B.D. non poden acudir a este argumento, xa que en portugués os comics de prensa son tamén nomeados doutro xeito: *cartoon*.

# CONTRA O FRANQUISMO, COMICS

## 1- XAQUÍN MARÍN E REIMUNDO PATIÑO: O GRUPO FUSQUENLLA

Durante unha conferencia de Xesús Alonso Montero o entón rapaz Xaquín Marín foi iluminado sobre as aptitudes da estampa para o proselitismo. Interesado achégase a Alonso Montero e este facilítalle un nome e unha dirección: Reimundo Patiño, Madrid. Marín vai á capital do Estado a coñecelo e este, tras insistir en que a estampa estaba morta, suxírelle outra posibilidade: facer comics. Xunto con Xesús Castro, ambos forman o grupo *Fusquenlla* escomenzando, neste cruce de camiños, o rexurdimento do cómic galego.

Tras a súa etapa política do 64 ao 71, Patiño abandonara a UPG para fundar con Tino Calabuig, o deseñador e editor Alberto Corazón e Francisco Escalada, o taller REDOR, que se convertería na primeira galería experimental de Madrid con “happenings”, “performances” e “ambientes”. Realmente a galería Redor situada na rúa Villalar de los comuneros, era unha célula moi activa do PCE, Patiño era un compañeiro de viaxe. Coma un dos actos de inauguración, alí estamparía e exhibiría do 7 de Abril ao 5 de Maio de 1972 as serigrafías que compoñen o cómic mural *O home que falaba vegliota*<sup>2</sup>.

Tratábase de 12 serigrafías sobre cartulina de un por un metro baseadas nun relato que Reimundo Patiño escribira o 11 de Novembro de 1965<sup>3</sup>. Ao propósito Patiño declara en 1972 no número 3/4 da revista Tropos: *Un día chegara á casa da volta do traballo e agarrei a máquina de escribir e púxenme a escribir unha historia. Isa historia fixena somentes nunha folla. E cada punto e aparte era un capítulo distinto. Entón decateime de que era un guiión cinematográfico, pero non tiña medios como para levar a cabo isto. Despois tentei facer unha obra de teatro ata que ó remate ocurriuseme facer un cómic.*

As experiencias contemporáneas do cómic underground americano e as Bedés "detournés" feitas como propaganda situacionista na revolución do 68 amosaran a Patiño a vixencia e potencial político deste medio que él adquirira como afición por mor dunha convalecencia durante a súa infancia. Nembargantes segundo Antón Patiño: *a idea de Reimundo Patiño o facer un relato visual desas dimensións posiblemente tiña algo que ver coas informacións que chegaban da influencia diste soporte na China da revolución.*

---

<sup>2</sup> O vegliota era un idioma dálmata, hoxe extinguido. A mellor reprodución desta historieta atópase no catálogo da exposición adicada a Patiño polo Auditorio de Galicia.

<sup>3</sup> O relato chamado "O home que falaba Arameo", coma outra posterior e diferente historieta, foi

Namentres, en 1971 e de volta a Galicia, Marín publicara no número 35 da revista *Chan* de Perfecto Conde, o que se considera hoxe a primeira historieta galega: *O emigrante*. Pagada a mil pesetas por páxina, unha cifra nada desdeñable para a época; Marín recordaa: *trataba dun emigrante que saía a traballar fora para conseguir ter un coche. Ao final conseguíao, pero o coche dos mortos que o traía de volta a casa*. Seis ou sete números despois pechaba a revista.

De volta a Madrid, no 72, Xaquín Marín publica traballos de unha ou media páxina en *Gaceta Universitaria*, *Hermano Lobo*, *Pueblo*, *S.P.* e en *La Codorniz* (onde tamén escribiu). No 74 colabora en *Futbol In* e o 2 de Febreiro expon en REDOR as serigrafías *Dos pés á testa*, imaxes de pes esmagando á xente que non gustaron nada ao franquismo. A raíz da exposición reclamouno en 1975 a revista *Posible* para a que faría, inspirado no relato "O innominable" de Samuel Beckett, un personaxe, *A testa*, que vivía nunha caixa e que reflexiona unicamente xa que non pode moverse.

Patiño estaba intentando facer un álbum colectivo en torno a REDOR. A xente do proxecto era moi dispar e finalmente quedaron só Marín máis el. Mediante a revitalizada editorial Brais Pinto, do propio Patiño e de César Arias, farían historia en 1975 ao crear o primeiro álbum galego: *2 viaxes*. A historia de Marín foi *A longa viaxe do capitán celta* ou *O longo camiño de volta dende as estrelas* inspirada pola *Viaxe ao país dos enanos* de Celso Emilio, e a de Patiño *A saga de Torna no tempo*<sup>4</sup>; ambas eran epopeias trxicas sobre a diáspora do pobo galego.

Decidíranse a facer un segundo álbum cun "remake" da historieta que Patiño deixara inacabada para a revista mexicana Vieiros de Lois Soto: *O home que falaba arameo*, na que ía estrenar a súa particular aritmética (v. Anexo 1). O proxecto durmiu nun caixón e *O home que falaba Arameo* ficou inconclusa e inédita. Por fortuna, o cabo dos anos, foi publicada en 1982 no especial de *Coordenadas* e en 1988, tras a homenaxe postmortem que lle adicou O Castro, nun álbum xunto coa nova historieta de Marín *Conta atrás*.

Marín e Patiño discutían a miúdo sobre estética e en particular sobre a relación entre arte e reprodución dende un punto de vista social. Inicialmente, Marín defendía o óleo e Patiño a imprenta, mais tarde as tornas cambiarían.

Nembargantes, ambos coincidían nunha estratexia política e comunicativa: a aposta polo poder catárquico do discurso. A súa historia tópica describe unha epopeia na que un antiheroi, fronte a propia ameaza dunha traxedia apocalíptica, sofre o retorno escatolóxico

---

publicado no álbum de Edicions do Castro.

<sup>4</sup> Existe unha recuncada en *As segundas sagas de Torna no tempo*, breve historieta inédita, hoxe en máns

das/ás suas propias raíces: a súa terra, a súa lingua. Unha crítica á xenuflexión peatonal, unha oda ao movemento de resistencia.

Tal como xa fixera Castelao<sup>5</sup>, Patiño combinou a práctica artística coa reflexión estética dos seus textos nos que reelabora, a partir das ideas de Seoane, unha teoría da estética galega: *horrore vacui*, apariencia pétrea e formas redondas. Segundo Marín, Patiño *pintaba moitas formas angulares, sempre dicía que o del eran formas redondas opostas a formas angulares*. Dun modo cecais inconsciente, Patiño representou no panorama mundial da historieta o epítome da estética político-psicodélica.

---

de Margarita Ledo.

<sup>5</sup> En 1920 Castelao escribiu un pequeno e interesante ensaio editado pola RAG: *Humorismo, dibuxo humorístico, caricatura*.

## 2- O GRUPO DE CÓMIC DO CASTRO

En paralelo, constitúese o segundo colectivo de autores galegos: o *Grupo de Cómic do Castro* con Xosé e Rosendo Díaz -fillos de Isaac Díaz Pardo- Chichi Campos e Lois Caparrós Esperante. Xosé Díaz lembra: *...no verán do 72, cando xunto a Xesús Campos, Luís Esperante e Rosendo Díaz, principiamos aquela aventura do “Grupo de Cómic do Castro”, facémolo aguilloados polo forte impacto que nos producira uns meses antes a contemplación de O HOME QUE FALABA VEGLIOTA na Galería Redor de Madrid. Esta peza, composta por unha dúzia de páxinas murais serigrafiadas a varias tintas, é obra comprometida, militante, que Patiño concibe para poñer ó servizo dun ben supremo e colectivo: a denuncia do esmagamento do seu pobo. Trátase, pois, dunha obra plenamente situada na súa época, que rexistra e recolle as influencias da literatura de Ray Bradbury (Crónicas marcianas) do cine de Truffaut (Fahrenheit 451) ou do cómic underground norteamericano (sobre todo da obra de Robert Crumb e Gilbert Shelton).*

No 73, *Cómic do Castro* preséntase mediante a primeira exposición de historieta en Galicia. A pesar dos seus abundantes problemas coa censura, por criticar a cregos e caciques, esta acadou o estatuto itinerante. Inaugurada na Escola Normal da Coruña, acude, auspiciada pola asociación cultural O Galo, ao Círculo Mercantil Industrial de Santiago do 26 de Novembro ao 13 de Decembro do 1973 co nome de Mostra do Cómic Galego (v. Anexo 2) e posteriormente circula por outras vilas. Finalmente, nunha destas, os seus orixinais foron destruídos por un grupo de extrema dereita inda que parecen terse salvado, ao menos parcialmente, por mor da edición de algúns no álbum *Suspensión* a cargo da editorial madrileña Akal (Colección Arealonga 74 ou 76).

En 1974, o grupo de Cómic do Castro faría novamente historia ao editar clandestinamente dende Xenebra nas Edicións Roi Xordo<sup>6</sup> a primeira revista de cómic galego, *A cova das choias. Revista de comic galego* que só publicou un número con Xosé Díaz e Chichi Campos, inda que había material para un segundo.

No 75 este grupo fixo unha homenaxe a Castelao en colaboración con O Facho, que tamén realizaba un concurso de cómic. Como a súa última actividade pódese sinalar o fanzine *As cousas* editado desde Lugo ao longo dos oitenta por Sargadelos coa participación de Chichi Campos, Xosé Díaz e Calros Silvar.

---

<sup>6</sup> Edicións Roi Xordo sacara tamén *Cimiterio privado* de Celso Emilio, poemas clandestinos de Ferrín, o panfleto *Sirventés pola destrución de Occitania* e *O poema do país que ten fame* de Paol Keineg.



De entre esta xeración destaca Xesús "Chichi" Campos que traballaría tamén en *Mancomún*, *A voz do pobo*, *Can sen dono*, *Mundo Obrero*, *A Nosa Terra*, *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *El Progreso* e *La Región*. Cecais a súa obra máis ambiciosa foi o fermosísimo fanzine *Jabón en los ojos* de 1987: fotocopiado, tapado en rústica e coloreado manualmente con ceras cada exemplar.

A pesar da evidente afinidade, a obrigada circunstancia "diferida" dos traballos do grupo Fusquenlla contrasta co carácter "directo" do grupo de Comics do Castro. Frente a subsistencia dos primeiros a cabalo entre Madrid e Galicia e o estilo máis metafórico, baixo censura, das súas historietas; os segundos operaron dende o noso país e dun modo máis literal (mesmo clandestino) substituindo, paulatinamente, o discurso terminal da traxedia resistente pola fertilidade revolucionaria da comedia.

De este modo, O grupo do Castro, e sinaladamente *A cova das choias*, serviu de ponte entre a xeración vinculada aos movementos de resistencia cultural durante o franquismo: O Castro, O Galo, O Facho, Redor (o que implicaba unha necesaria discontinuidade e mesmo deslocalización) e a posterior centrada no recién inaugurado formato da revista-fanzine.

# OS FANZINES, ASAMBLEA DE PAPEL

## 3- A EXPLOSIÓN DO FANZINISMO

Dous factores son esenciais para entender a explosión do fanzinismo tras a fin do réxime franquista. Desde unha perspectiva mundial, o elemento determinante foi a irrupción a mediados dos anos 70 dunha nova tecnoloxía da edición: a fotocopiadora<sup>7</sup>. No noso caso o elemento determinante foi o político: coa chegada da transición democrática, as institucións privadas e os poderes públicos fomentaron, inicialmente, o exercicio do novo dereito á liberdade de opinión e expresión. En Galicia, os fanzines comezaron durante os anos 70 na súa capital económica, A Coruña.

Inda que o primeiro fanzine editado en Galicia do que temos constancia foi o anarquista *La hormiga enana* do 77, *Xofre.Historieta galega*, tirado na Coruña no ano 1979, pode considerarse dos primeirísimos e seguro o primeiro de cómic. *Xofre* ademáis de ser o nome do fanzine era o nome dun colectivo de autores de 20 anos: Miguelanxo Prado, Xan López Domínguez, Fran Jaraba e Ricardo Lázaro (este último 26).

De *Xofre* só saíra un número, pero este sería unha experiencia seminal: dous dos seus membros, Miguelanxo Prado e Xan López Domínguez, acadarían sona internacional, respectivamente, como historietista e ilustrador. No caso da carreira de Prado compre sinalar a súa integración, tras viaxar a Barcelona, noutro fanzine básico de temática fantástica, *Zero comics*, cuíos autores recuperarían a editorial Toutain: o propio Prado, Beroy, Micharmut, Pasqual Ferry e o galego Xulio Das Pastoras.

Os demais membros de *Xofre*, que ficaron en Galicia, colaborarían no 1982 no monográfico sobre “comix e ilustración” da revista *Coordenadas* e Lázaro faría *A volta a Galicia en 40 pontes e medio* para Autopistas do Atlántico. Posteriormente acabarían en *Can Sen Dono*.

Os fanzines musicais abundaban na Coruña: *El lado salvaje* (1983), *Línea opuesta* (1984) -sobre o grupo homónimo- e *Penumbra* (1984) - revista sobre o rock local impresa en formato periódico e patrocinada polo Concello.

Tamén subvencionados polo Concello estiveron algúns fanzines de cómic: *Hércules* (2

épocas do 82 ao 83) -con colaboracións de Prado e Tino Fernández Maceiras- e *Camello* (4 números no 84) - editado dende o penal da Coruña. A estes engádenselles *Uso externo* (2 números no 1983) de J. Tenreiro e, ante todo, *La Naval. Revista atlántica* (3 números do 84 ao 85) con Prado, Chichi Campos e Antón Reixa, que pasou por ser o mascarón de proa dos fanzines da Coruña. O panorama complétase co fanzine de crítica do dependente do kiosko Araújo, Tino Reguera, *Continuará* (3 números do 88 ao 89)<sup>8</sup>

No ano 1983, xurdiría en Carballo *A ameixa cacofónica* (4 números do 83 ao 86 por 175 ptas.) reclamándose como parte dun triángulo atlántico con *Tintimán* e *La Naval*. Coordinada por un colectivo (Xan Ramón, Xavier Graña, Lois Pereiro, Cachú e Qq Vilalta) e dous estudantes de Belas Artes: Calros Silvar, en Madrid, e, en Barcelona, Alberto Varela Ferreiro (Uveefe). Á súa vintena, Uveefe sorprende pola alta calidade gráfica do seu traballo, debedora inequívoca da estética da liña clara valenciana (Mique Beltrán para ser precisos) asimilada ao seu paso pola cidade condal, e cuio personaxe principal, o detective Xeixas Johnsohn, continúa hoxe as súas aventuras en Golfiño.

Mentres, en Ferrol, por entón inda de “el caudillo”, o colectivo de autores *A toupa con gafas*, formado por Dudi, Cubero e Oti (Cabanas 1954), tiraron *Fat city* (83-84) e *El patito feo* coa salientable por inhabitual colaboración de varias mulleres: Ana Liste, Reme e Tere. Escomenzando no 80, aguantou tres anos a ritmo semestral, pasando dun número cero de 36 páxinas impreso en Barallobre a un número 5 con 32 páxinas impreso dende Barcelona en offset, sempre mantendo un diseño cuidado e á vez underground. Nas súas páxinas viu a luz a primeira historieta porno galega, *Como la vida misma* de Dudi, enfrentando o fanzine á censura, inda que ao pechala pesaran máis os motivos económicos. Dudi continuaría a ser unha figura importante tanto no campo do cómic galego, realizando dúas series *La leyenda de papel* (sete páxinas dominicais en *El Correo Gallego*) e *Home sweet home* (142 tiras diarias para o *Diario de Galicia* no 88), como no terreno audiovisual exercendo de crítico de cine durante longos anos para *La Voz de Galicia* e traballando na TVG. No mesmo 1983, en Ferrol tamén apareceron comics, algúns pirateados, no fanzine de tendencia e estética punk *Zur*.

Durante a movida viguesa na que grupos como Siniestro Total, Golpes Bajos e Os Resentidos semellaban rivalizar cos internacionais Talking Heads, The Cars ou New Order o

---

<sup>7</sup> Inda que se inventou en 1938, a fotocopiadora xeneralizouse nesta época polo seu abaratamento.

<sup>8</sup> Este fanzine xunto a *Bocatas* de Juan Carlos Gómez e *El clan* de Alex Samaranch formarían para a editorial barcelonesa Complot, *Krazy comics*: a mellor revista de crítica de historieta dende os anos 60 da que Reguera sería director. Gómez e Samaranch formarían máis tarde a editorial Camaleón, xerme da

mundo do fanzine experimentou un boom. Curiosamente as protagonistas non serían publicacións musicais<sup>9</sup> senón de xeneralistas cun importante peso da historieta, sinaladamente *Castrellis*, *Katarsis* e *Tintimán* (co antecedente no 79 do fanzine *Esquizoide* de Antón Patiño).

Nado en 1968, Alfredo López Fernández, alias Tokio, é a principal figura de *Castrellis* (2 números do 83 ao 85) que editada co apoio da asociación cultural Castro de Vigo incluíria historietas. Vinculado con *A Nosa Terra*, Tokio serve como importante enlace entre este periódico e o mundo do cómic, posteriormente colaboraría en *Congostra* (1 número en xulio-agosto de 1988)

Dende Coia, Xoan Comesaña Pedreira co apoio da asociación cultural Talerapi e o patrocinio da Casa da Xuventude de Vigo sacou *O Coiote* (6 números do 83 ao 85). Pola súa parte, os irmáns Tizón sacarían *Katarsis* (2 números desde o 82) e *Kahos* (84-85).

Nembargantes, o fanzine de maior popularidade foi *Tintimán* (5 números no 84) editado en formato tabloide e con portadas plastificadas polo fillo do dono da famosa peluquería viguesa *Santiblanc*. A contraportada era unha sección de cómic, *Tintimán cómic*, na que publicarían Manuel Frago "Coruñaño" e García Varela.

Por último cabe engadir un fanzine de crítica: *Interlinea* (2 números no 84) fundado por Carlos Portela Orjales aos 17 anos. O propio Portela e o catalán J.A. Rom encargáranse dos textos e Gus, Norberto e Luís Rio das historietas. Tres anos despois, Portela inaugura na emisora xesuíta Radio Ecce *A tebeoteca*, único programa de cómic na radio galega que tras cambiar o seu nome primeiro por *A xanela do maxín* e despois por *Arte Alfa*, continua sendo semanalmente emitido<sup>10</sup>.

Este boom dá a oportunidade de publicar a numerosos autores. Gus Fernández, nado no 65, dibuxaría para *O Faro de Vigo* unha tira sita no medievo con claras influencias de *The Wizard of Id*. Por outra parte, Portela escomeza a formar un núcleo de dibuxantes para as súas colaboracións no *Atlántico*. Sobre guións seus, Norberto Fernández debuxa as series *Forrest Hill* (moi deudora do clásico americano *Pogo* de Walt Kelly) e *Güinsi*, que anos despois resucitaria en *El País de Las Tentaciones* con dibuxos de Víctor Rivas, que tamén faría no *Atlántico* con Portela *Vox populi* en 1990.

Pero, de entre todos eles, Portela olfatearía un talento segredo: Santiago Sequeiros Prieto. Por aquel 1986, Sequeiros era un rapaz de 15 anos recién chegado de Bos Aires, que publicaba tiras en color para o *Faro*. Sequeiros corrixe os defectos do seu dibuxo enfrentandoo

---

historieta independente española.

<sup>9</sup> Entre estas *Eskupe*, *Vigorizador* e *Costa Oeste* (89), a primeira incluíu comics. Ningunha delas acadou nembargantes o estatus que *Madriz* ou *La Luna de Madrid* tiveron para a movida madrileña.

<sup>10</sup> Iniciouse no 1987 con Carlos Portela e Roberto Quintela, eu mesmo substituí a Quintela e despois, cando marchei para estudar fora, entrou a xente do fanzine *Freak comics* (Fran, Rubén e Edgar) que continúan hoxe xa sen Portela.

á sobriedade de Muñoz e Sampayo e, tras pasar por *Imajen de Sevilla*, comeza no 88 con Portela a serie *Canciones de Amor* para a revista *Totem el Comix*. Sequeiros continúa en solitario na revista con *Historias de la mala pena* (90) onde desenrola a súa personaxe *Ambigú* que no 93-94 merece o luxo de ser o primeiro álbum de Camaleón. Nesta editorial fai no 95 o álbum *Nostromo Quebranto*, polo que recibe o premio dese ano no Salón do Cómic de Barcelona como mellor autor novel, e no 96 para a editorial La Cúpula o comic-book *To Apeirón*. Desde entón busca a vida onde hai cartos: o diseño. En relación con Galicia, nunha recente entrevista na revista *Volumen* identifícase con Valle-Inclán.

O centro de produción que serviu coma contrapunto do Norte galego á xeneración de fanzines vigueses foi Compostela. A figura desta cidade foi "Fausto" Castiñeiras Isorna que, nado en Catoira no 61 e tras pasar pola coruñesa *Coordenadas* e o proxecto *Diplodocus*, capitaneou o principal fanzine de Santiago *Valium 10* (7 números do 83 ao 85, primeiro 125 despois 150 ptas.) que incluíría portadas a color e *Valiumonze*, un suplemento sobre rock. Colaborarían Arturo Regueiro, Fernando García Varela, Nacho Hortas, Coruñaño, Bernar, Chichi, Álvaro de la Vega, Tino Viz, Xurxo Lobato, Fernando Bellas, Figueiras, Euxio, Nacho Hortas, Pepe Barro e Sardiña. *Valium10* marcou un fito importante ao vender o tope de 1000 exemplares, o mesmo que tiraría o *Frente Comixario*. Posteriormente Fausto volvería a intentalo co efímero *Das kapital* (2 números do 89 ao 90 por 200 ptas.) con portada e páxinas a color pero con poucos tebeos, de Fernando García Varela, Fausto e Marín.

En Lugo, durante os 80, tiráranse *Sperma*, *O Cadaleito* e *Atlántico Express* con Quique Bordell, Honorio Espiral, Roxo e Xaime Dapena. Na década seguinte, tódolos proxectos confluírían na revista da asociación de antigos alumnos da Escola de Artes e Oficios Artísticos Ramón Falcón de Lugo, *Artesonando* editada con axuda da Dirección Xeral de Política Lingüística, a Consellería de Cultura e Deportes e a propia Escola. Alí aparecerían esporadicamente algúns cómics de Suso Peña (en galego) e Señor Bordel e no seu número 14 (Maio do 92) elaborarían un "especial cómic" con colaboracións de Charly J, Andújar, Cristóbal Novoa, Alejandro M. Moro e Alberto Guitián. Na introducción proclaman: *Non están tódolos que son...pero este especial pretende, dalgún xeito aglutinar á xente dispersa que anda a facer historietas en Lugo e que non dipón de canles axeitadas para dar a coñece-la súa obra.*

Foran do Norte ou o do Sur, todos estes fanzines concluíron unanimemente no esgotamento. A constricción editorial da fotocopiadora imposibilitaba o establecemento dun proxecto de fanzine rentable en termos económicos. Na imprenta, debido a a carestía da

producción de fotolitos, cantos mais exemplares tires mais baixo é o coste de cada un, sendo rentable a partir de ao menos mil. Coa fotocopiadora, fagas unha ou mil copias, cada unha costa o mesmo.

Evidentemente o contrapunto é que o único beneficiado non é ni o autor, nin o editor, nin o distribuidor, nin o vendedor, é o reproductor. Calquera pode facer unha fotocopia ¿porqué pagar por elas mais do que costan?. En consecuencia, a nova tecnoloxía da fotocopiadora estimulou a edición en baixas tiradas, de 100 a 500 exemplares. Igualmente, os fanzines deberon axustar notablemente o seu precio ao coste real da produción. O único sentido dun ocasional ínfimo beneficio foi a súa reinversión na mellora do próximo número. En consecuencia, sen marxe de beneficio, o segundo punto débil dos fanzines foi a distribución máis aló dos límites locais.

O fanzinismo, que en ocasións é equivocadamente asociado aos vitais grandes núcleos urbáns, tentaría superar estas eivas desde unha cidade periférica sen alternativas: Ourense, que merece capítulo aparte.

#### 4- O FRENTE COMIXARIO

Os fanzines seminais de Ourense escomezaron tamén no ano 1983. Serían *A chave* da Escola de Maxisterio, *Barbaña cómix* con Andrés García Fortes, Miguelanxo García Chaler e Gerardo Diéguez Gallego “Tito” e o de César Moreiras e Macaco *El vómito del diablo*, de gran calidade gráfica, no que o trío de Barbaña toparía ao trío Pestiño: Miguelanxo Carballo, Paco Paradelo e Xosé Manuel Rodríguez Moxón.

A estes fanzines seguiríanlles posteriormente *Noxxo*, *Escupe* con Bernar e Oscar Farinha, *Os graxos da Burga* con César Moreiras e Fortes e *Arte fluvial*.

De toda esta chuvia de fanzines algún proxecto serio tiña que saír e fíxeron os que non pensaban emigraban, Galicia éralles suficientemente boa para intentalo. Nin desde o Norte nin desde a Costa; desde a periferia ourensana xurdiría un movemento cobizoso dun comic galego: o Frente Comixario.

Xusto nas datas en que cumpriran xa a vintena, entre 1987 e 1989, e inspirados por César Moreiras e Macaco; Pestiño, Tito, Chaler e Fortes<sup>11</sup> crean o colectivo Frente Comixario. Rapidamente engadiríanselles a nova xeneración dos 70: Héctor Real Arregui e os novos mutantes (Miguelanxo Fernández Robledo, Eduardo “Meliñas”, Diego Domínguez, Alfredo González). Como plataforma, os de Pestiño montaran un estudio de publicidade, A Reserva, e dende alí desenrolaron un minisindicato de prensa (para *La Region* e *Atlántico*). No 88, a iniciativa do clube xuvenil “O guieiro”, da asociación Cultura e Xuventude e financiada pola Casa da Xuventude de Ourense crean a súa revista: Frente Comixario.

Tras un número cero ese mesmo ano, composto dos premiados do II (1986) e III (1987) concurso de cómics da Casa da Xuventude de Ourense, a calidade da revista aumenta progresivamente. No número 1 (1989) engaden portada a cor, o ano seguinte aumentan a 80 páxinas e no terceiro (1991) subiron de 200 a 300 ptas. Tras o 4 (1991) e 5 (1992), no 1993 editaron con canto cortado o seu último número.

Ademáis na revista apreceron Capeans, Carlos Portela e Fernando Iglesias, Sardiña, Martín Comesaña, Tokio, Xulia Testa, Agonía Sampaio, Fernando Franco, Xan Pablo, Eloi Pardella, Rulo e Ana Cristina, Mo, Luís Ben, Pulido, Jose Peleteiro, A.R. Díaz, Lobotomía, Javi e Andrés.

---

<sup>11</sup> Fortes marcharía a Madrid para estudar Belas Artes e alí publicaría o seu fanzine *Bajo Zero* (2 números desde mayo do 1991 por 100 ptas).

En paralelo, outro colectivo ourensán guiado por Henrique Torreiro tiraba desde 1987 un fanzine de crítica: *Phanzynex* que, tras cinco números, incorporábase ao *Frente Comixario* no seu número 2 para desaparecer no 3. Nembargantes, o colectivo Phanzynex desenrolou tamén outras actividades como o programa radiofónico En Banda de Torreiro (en Onda Cero Ourense dende maio do 91) e, xa tras a fin do Frente, o fanzine *Lanterna Craneal* (Ourense 1993-94).

O esforzo colectivo de todos eles, en colaboración coa Casa da Xuventude de Ourense, levantou o primeiro salón de cómic de Galicia na propia cidade. As Primeiras Xornadas de Banda Deseñada de Ourense fixéronse do 16 ao 20 de outubro de 1989 e dende entón cada ano en torno a esas datas véñense realizando. As xornadas compoñense fundamentalmente de exposicións. Unha sobre un autor consagrado (Marín, Carreiro, Das Pastoras), unha exposición de fanzines (a cargo de Phanzynex), outra que amosen a produción galega do momento (best of F.C., debuxantes en banda, Fausto e Moxón), outra que corresponde ao concurso de cómic (primeiro o de Ourense, logo o da Xunta) e as que se poidan pescar de outras xornadas (*Cine e historieta galega* de Xociviga, *B.D. portuguesa hoje, 18 anos de El Jueves...*). Ademais incluían normalmente unha charla sobre cómic e a entrega de premios do concurso.

O Frente asumira unha dinámica colectiva, política como insinúa o seu nome. Nun ademán agrarista, os seus membros principais adoptaron a estética Carrabouxo (boina e vaqueros) e desde un pensamento nacionalista de esquerdas e como ourensáns, fan da relación con Portugal unha seña de identidade.

A Casa da Xuventude de Ourense asinara un programa de intercambio coas Casas da Juventude Portuguesas e a colaboración entre o Frente Comixario e asociacións como Clubedelho, Clube nacional de B.D. Comicarte (que organiza o salón de B.D. de Oporto) ou a asociación Velho Pelicano foi constante. Froito desta relación, nas primeiras xornadas do 89, espúxose *B.D portuguesa hoje* e nas segundas do 90 *Jovem B.D. portuguesa* e orixinais de *La chavalita* de Fagundes<sup>12</sup>. De igual modo autores galegos espuxeron no Salón portugués de Viseu en 1990. Non era nada extraño que ademais de exposicións circularan persoas e moitos autores e afeizoados portugueses achegábanse ao salón de Ourense, cecais porque no concurso admitíanse os traballos en portugués.

---

<sup>12</sup> *La chavalita* forma parte do momento histórico dos álbumes portugueses e desenrola a súa acción entre Galicia e Portugal.



O núcleo coordinador, Pestiño, avanza paulatinamente cara ao lusismo adoptando o nome francés e portugués para o cómic: Banda Deseñada<sup>13</sup> e cambiando o ñ polo nh (agora Pestinho). No número cinco de Frente comixario, por certo cunha fermosa portada de Xan López Domínguez, deciden adoptar a liberdade normativa e no número seguinte publican como publicidade (?) un panfleto contra o ñ, inclusive algunha historieta adicada aos presos galegos (suponse do EGPGC). Esta dinámica radicalizadora lévaos a enfrontamentos coa dirección da Casa da Xuventude de Ourense e ao perigo de perder as subvencións da Xunta.

En Agosto do 91, Pestinho e máis Fortes resucitan *Barbaña comics* co nome de *Lendia Prea* Nº1 coa intención de a) facer un tebeo gore e b) face-lo en reintegrado (escindíndose ata certo punto do Frente Comixario). Pestinho culmina o proceso coa colaboración cun grupo de lusistas (Beatriz Arias López, José M. Aldea e F. Xavier Paz Garça) na *História da lingua em banda desenhada* que inclúe unha guía fonética e de lectura e unha cronoloxía sobre a historia da lingua<sup>14</sup>.

Ao mesmo tempo deciden dar un paso adiante e engadir á revista a edición de outras publicacións. Espoleados polo exemplo da editorial barcelonesa Camaleón, en 1992 escomenzan a editar comic-books: *Frente Comixario Special Nº1: Zombies* (1992, 250 ptas) *Frente Comixario Special Nº2: Pelegrín* (1993, 300 ptas) e o Nº 1 da ambiciosa colección de monografías Cómic Galego *Papagaio Spray* de Fernando García Varela (1993)<sup>15</sup>.

Así remata a increíble experiencia do Frente Comixario: o fracaso económico de *Papagaio Spray* e a perda de dúas influencias tan importantes como a Casa da Xuventude de Ourense e as subvencións da Xunta obligan a dar carpetazo. Os seus membros disgréganse e as xornadas de Ourense sobreviven da man de Torreiro. Pestinho resucitaría tempo despois en *Xo!* pero somentes Robledo mostrou vontade de continuidade co seu fanzine *Gor e nar*.

---

<sup>13</sup> No III concurso da Casa da Xuventude de Ourense (1987) asúmese a denominación "banda deseñada". Nembargantes o ano seguinte convócase o IV concurso de Banda Deseñada engadindo: concurso de *historietas en banda deseñada* ou *comics* (?), boa proba da confusión do debate.

<sup>14</sup> Non trabucar con *Historia de Galiza en Banda Desenhada* con guión de Gonçalo Grandell Crespo e Mauricio Castro e debuxo de Leandro Lamas (editado pola asociación de lingua Artabria).

<sup>15</sup> A seguinte entrega de Comic Galego ia ser *Alma Dans* de Carlos Portela e Fernando Iglesias, pero o proxecto colapsouse antes.

A experiencia do Frente Comixario exemplificou o intento do fanzinismo galego de dar o salto á profesionalización gracias ao capital inicial aportado por axentes externos como asociacións e institucións. Con independencia da súa fortuna empresarial, a transformación perante un conflito de intereses dunha política de fomento nun instrumento de censura económica por parte dos poderes públicos fechou simbolicamente a etapa da libre expresión abrindo a restrictiva era da opinión mercenaria á que a historieta só estorba.

Miguel Carballo, a verdadeira alma mater do Frente Comixario, sinala a *Galicia Internacional* en Xaneiro de 1996: *temos ganas de seguir facendo algo e manter algúns proxectos para o futuro pero necesitamos unha estrutura axeitada para continuarmos no labor. Habería que deseñar unha boa distribución, incluso con unha visión empresarial con visos de rentabilidade, para non depender das subvencións. Atopar o Frente nos kioskos non era doado. Nós autoxestionabámonos porque non tiñamos outro remedio, na encrucillada da profesionalización o problema e que si subísemos o nivel, colapsaríamos, porque non poderíamos manter o grao de compromiso que unha publicación desa emvergadura precisaría. O que si creo e é unha mágoa, é que non vai haber ninguén que tome o relevo do Frente Comixario.*

E non houbo.

## EPÍLOGO

Carlos Portela declara a Galicia Internacional: *cando alguén me pregunta polo cómic galego faime gracia, porque xa me dirás como pode subsistir sen ningunha editorial que apoie. Non existe un cómic galego, senón o labor de francotiradores espallados, como no caso de empuxe e iniciativa que despregou o Frente Comixario.*

Nunha entrevista a Prado no Diario 16 de Galicia o 27 do 6 de 1990 entrevista a Prado preguntanlle *¿Existe un cómic galego con características propias?: Eu sempre dixen que creia que non. O problema primeiro que ten o cómic galego é a falta de profesionalidade, hai moi poucos profesionais da historieta. Eso non o digo por cuestións de calidade, nin de que sexa mellor ou peor. Pero sí é o que marca unha relación constante e real co público. A distribución a través de fanzines e de revistas máis ou menos marxinais nunca chega a dar unha visión absoluta, real do estado da cuestión. Entón esto son handicaps de saída para pensar nunha historieta galega*

## ANEXO 1

### PATIÑO POR SI MESMO.

Neste primeiro anexo incorporamos os textos que topamos de Patiño que se refiren ou fan comentarios sobre o cómic. Parécenos que o seu coñecimento é importante para entender a aproximación do pintor a este medio:

*1- Fronte ao arte culto existiron sempre, de xeito soterrado e alonxadas da consideración oficial, unha serie de manifestacións formales do pobo: cartelóns de cego, baraxas, ex votos, decoracións de zocos e xugos do gando, cruceiros, cerámicas, etc.*

*Barridas foron pola eclosión lostregante dos xeitos modernos de comunicación de masas: tanto escritos como audiovisuais: radio, prensa, TV, etc. Eran formas residúas de comunicación e convivencia de marxinados fatos humanos na súa maioría labregos. Foron trocados polo rechamante ouxeto prefabricado, por programas e historietas embrutecedoras ó par de participantes no colonialismo cultural o non ser en moitos casos de produción enxebre*

*O arte popular, tal e coma oxe viñase concebindo, morreu ou está en trance agónico cando non comercializado ou convertido en reliquia folklórica de fatos saudosos ó par de esotéricos.*

*Si acodimos á axuda do arte "culto" ¿qué bataia pode ofrecer en canto a inmediatez e eficacia de difusión de mensaxes colectivos?, si polas súas propias características intrínsecas, de obra minoritaria necesitada de comprensión inteleutiva ca súa conseguinte iniciación docente, faría necesaria para acadar tal fin unha transformación total da sociedade escomenzando pola escola primaria*

*Coido asimesmo que a obra múltiple, reproducións, linóleos, serigrafías, etc., non soi soslaia o problema senón que amplifica a sociedade de consumo ó non convertilo arte de simple ornamento en función necesaria asulagada na vida e ó non sustituir (tódolo máis amplifica e democratiza a posibilidade de posesión) a ecuación "pintor-espeutador-proprietario" pola de "creador no seo da vida-pobo".*

*¿E por qué non transmutar os meios alleantes en liberadores? O Arte popular non morreu, o que fixo é variegar de canles e manifestacións. Unha delas o "comic". O "cómic" é un de ditos canles. Quezáis o máis importante.*<sup>16</sup>

Posteriormente continuará nesta liña

*A pretensión de servirse da pintura para lanzar INMEDIATOS mensaxes colectivos é tan desafortunada e ineficaz- amén de anacrónica- como utilizar emisarios, o tam-tam ou pombas entroques de botar man do teléfono ou do correo para comunicarnos con alguén..*<sup>17</sup>

*O "comic" (tira debuxada, narración gráfica, tebeo) ten unha condición "sine qua non" que o singulariza e o convirte nunha forma nova de COMUNICACIÓN MASIVA: a utilización da prensa diaria, o caderno de historietas ou o libro. Dito doutro xeito, a multiplicación cuantitativamente numeroso do orixinal coa súa conseguinte posta a disposición do público. As 100 tiradas dun gravado non admiten comparación co devandito. Tampouco o sistema de Galerías permite rivalidade competitiva fronte ós quioscos e librerías.*

*É obvio- e aquí o afirmamos- que a narración gráfica pode, debe e terá que asumir argumentos complexos para os que pode estar perfectamente capacitada pola gama de claves expresivas que posúe. Dignifica-lo contido do "comic", dotalo de alltura intelectual é unha das árduas tarefas de hoxe. Frente ó "cómic" tradicional co seu dualismo de bos e malos, coas suas repeticións estereotipadas, ergue-la dunha narración gráfica que abarque ó home na súa condición total cos seus temores e coñecementos.*<sup>18</sup>

-----

2- *Por un compromiso sobreentendido antre dibuxante e leutor, toda deformación expresiva e*

---

<sup>16</sup> PATIÑO MANCEBO, Reimundo *Tres notas no Catálogo de O home que falaba vegliota* Galería Redor, Madrid, 1972.

<sup>17</sup> PATIÑO MANCEBO, Reimundo *Introducción a "Ratas" de Xaquín Marín* Ed. 3,1417, Madrid, 20 de Febreiro de 1977.

*toda liberdade estilística son permitidas se que ninguén proteste por coores arbitrarias, campos roxos, ceos verdes, etc. Tódalas conquistas formales da sucesión de ismos teñen cabida nil para complementar, nun estilo do século XX, a alternación pasión-razón, surrealismo-abstracción xeométrica, informalismo-“pop art”, poñendo dito lingoaxe ó servicio dun contido narrativo ademitido polas xentes.<sup>19</sup>*

Noutro texto dirá

*BRAIS PINTO* *quere agora desfacer un nacente entorto: a confusión antre o “pop-art” americanío io “cómix” da mesma nacionalidade co grafismo narrativo do noso país.*

*En primeiro termo, ¿coma comparar os produtos dunha sociedade superindustrial cas espresións dun pobo que da revolución agraria do neolítico. Do arado román, pasa á invasión dos meios alleos e alleantes da chamada-non sabemos si por ironía- “cultura de masas”?*

*O “pop-art” é a aceutuación plena da sociedade de consumo. Tempo hai e con xusteza, foi denominado “realismo-capitalista”. Nada negan nin refugan Andy Warhol, Claes Oldenburg, Roy Lichtenstein... Pola contra, corroboran.*

*Canta outro galo si falamos do “shocker –pop”<sup>20</sup>: Edward Klemholz, Peter saul... Tan iñorados e silenciados adrede como iñorada e silenciada é a obra de certos dadaistas: Georg Grosz, John Hartfield, poñendo por caso.*

*O “comix”, engadimos, non é fillo, nin neto, nin tan siquer amigo do “pop”. E froito lóxico e renegado da sociedade de hiperdesenrolo. Resposta anguriada ás fases derradeiras da comercialización con tódalas suas implicacións.*

*No que respeta a Galicia situacións e presupostos son esencial e radicalmente lonxanos. Eiquí trátase dunha terra empobrecida sin transformación industrial lóxica e propia na que uns gráficos, dibuxantes, artistas ou coma se lles queira chamar, arelan articular e vencellar o pasado do seu pobo co seu presente io seu porvir.*

*Outra diferenza. Namentras os “pop” americanos ios seus imitadores ibéricos- que os*

---

<sup>18</sup> PATIÑO MANCEBO, Reimundo *Texto en “O home que falaba Arameo”* Do castro, Sada, 1988

<sup>19</sup> PATIÑO, Reimundo *Tres notas no Catálogo de “O home que falaba vegliota”* Galería Redor, Madrid, 1972.

<sup>20</sup> Tal lectura venlle inspirada sen lugar a dúbidas polo importante libro *Del arte del objeto al arte del concepto*, un dos ensaios pioneiros en España sobre a arte contemporánea de Simón Marchán Fiz, autor comunista que andaba a redor de REDOR.

*hai- levan á pintura o lingoaxe da pubricidade io “cómico” comercial, os grafistas galegos levan ós medios de comunicación masiva o lingoaxe da pintura e do mais inxel arte popular. Entroques de acoller no lenzo os xeitos icónicos da “mass-media” son unhas vellas tradicións formales e mailos derradeiros modos de arte nova os que se citan na viñetiña e mais na páxina.*<sup>21</sup>

-----

*3- Si por redución a literatura xoga coa verba no tempo, a pintura xoga co espacio. O “cómico”, irmán por certo do cine, co cal comparte un grande número de claves espresivas, xoga co tempo (narración continuada ou discontinua) io espacio (imaxe-dinámica). Non é literatura. Non é pintura. E u octavo arte e ten as raigañas densamente chantadas na vida actual.*<sup>22</sup>

Respecto da relación co cine engadirá

*Máis, a diferenza entre ambos (cine e comic) queda ben patente se sinalamos (non somos o primeiro en facelo) o carácter pasivo do espectador cinematográ'fico fronte ó activo do lector de “comic”... O lector (a palabra xa non é espectador) de cómic pode á sua vontade, parar, volver atrás, adiantar páxinas, establecer relacións novas, actuar cerebramente para salvar saltos temporais*<sup>23</sup>

Este último comentario é o que ceais represente mellor a particular aproximación estética de Patiño ao cómic. No Remate de *Torna no tempo* Patiño sinala posibles puntos de inflexión para novas historietas do seu protagonista. Propón o procedemento dadaista de mesturar aleatoriamente as páxinas para crear unha nova historia e especula coas paradoxas temporais que fan posible unha reinterpretación infinita segundo progresión xeométrica (proceso dialéctico matemático computerizable no que ao 1 sucede coma antítesis o -1 e coma síntese o 2 ate o infinito). Ese semella ser a proposta mellor articulada de Patiño respecto do cómic e é fundamental aproximarse á súa obra narrativa desde esta hipótesis súa.

Por outro lado sinala perfectamente a conexión de Patiño entre o pasado máis remoto e mítico dos petroglífos de Mogor (as comparacións coa relación de Pollock e os indios

---

<sup>21</sup> PATIÑO MANCEBO, Reimundo *Introducción a 2 viaxes* Brais Pinto, Madrid, 1975.

<sup>22</sup> PATIÑO MANCEBO, Reimundo *Tres notas no Catálogo de O home que falaba vegliota* Galería Redor, Madrid, 1972.

<sup>23</sup> PATIÑO MANCEBO, Reimundo *Introducción a “Ratas” de Xaquín Marín* Ed. 3,1417, Madrid, 20 de

americanos son numerosas) e a vanguardia científica dos procedimentos xeométricos e matemáticos (nunha sorte de reformulación total da arte desde a vida, producta sen dúbida dun compromiso vital coa vanguardia política e estética ante a triste realidade da Galicia franquista).



## ANEXO 2

Introducción do catálogo da exposición *Cómic Galego O Galo*, Santiago, 1973

*Por qué medios pode chegar a ser galego, catalán ou cubán, algo tan hateroxeneo como é eso que nos chamamos – para nos entender- cómic, e que é tanto como historietas, tebeos, tiras?*

*Pódese entrocarse, dalgún xeito, este pendello aparentemente novo do comic co resto da nosa cultura?*

*Haberá quen fale de xogo snob, underground, artesanías pop, raigañas anglosaxonas.*

*Outras olladas verán a sombra rediviva do Capitán Trueno rexurdir cunha nova pigmentación e dirán máis subliteratura.*

*Nos non arelamos facer arte, polo menos ó xeito en que este é entendido agora e eiquí.*

*Nos estamos na viñeta, e a palabra énos tan necesaria coma a imaxe gráfica.*

*Deste xeito arelamos chegar a ser como novos cegos de boa vista que canten na súa lingua a un pobo os novos crimes e as novas ledicias da terra, e polas nosas imaxes corren tanto o vello sangue como o novo mesaxe dun novo abrente*

*Polos ollos e ouvidos, todo pola comunicación cas vivencias de Galicia, hoxe, para quen queira que sinta que unha cultura non é somentes unha academia, e menos para un pobo que soupo ser tal sen encherse de arquivos.*

*Xosé Díaz, Xesús Campos, Rosendo Díaz, Luís Esperante, Xaquín Marín e Reimundo Patiño mostran hoxe unha escolleita da súa obra actual nesta leira do comic.*

*A mostra, itinerante, pasará polas vilas e cidades de Galicia, chegando ao seu pobo e abrindo paso ó seu natural canle de comunicación e publicación*

## BIBLIOGRAFÍA

- BABAS, Kike e TURRÓN, Kike *De espaldas al kiosko. guía histórica de fanzines y otros papelujos de alcantarilla* El Europeo y La tripulación, Madrid 1995.
- CUBA, Anxo (dr.) *Andando correndo pola chaira N° 2* Edicións submarinas, A Coruña, 1995.
- CUADRADO, Jesús *Diccionario de uso de la historieta española (1873-1996)* Compañía Literaria, Madrid, 1997.
- DIAS de DEUS, Antonio *Os comics em Portugal. Uma historia da Banda Desenhada* Cotovia, Lisboa, 1997.
- GALÁN, Eduardo *Cine e historieta galega* Xociviga, O Carballiño, 1989.
- LOSADA, Benito (coord.) *Debuxantes en banda* Casa da xuventude de Ourense, Ourense, 1990.
- MARÍN, Xaquín e REIMUNDO, Patiño *O home que falaba Arameo* Edicións Do castro, Sada, 1988.
- MARÍN, Xaquín e REIMUNDO, Patiño *2 viaxes* Editorial Brais Pinto, Madrid, 1975.
- RODRÍGUEZ CASTELAO, Daniel Alfonso *Humorismo, dibuxo humorístico, caricatura* Real Academia Galega, Pontevedra, 1 de Marzo de 1920.
- VÁZQUEZ GIL, Lalo *El humor gallego en los medios de comunicación* Ediciones Cardeñoso, Vigo, 1992.
- VV.AA. *Cadernos A nosa terra* N° 7, Promocións culturais galegas, Vigo, Maio de 1990.
- VV.AA. *Reimundo Patiño 1936-1985* Concejalía de Cultura del Ayuntamiento de Madrid, Madrid, 1986

VV.AA. *Reimundo Patiño "a explosión dun mundo"* Auditorio de Galicia, Santiago, 1999

## CRONOLOXÍA

- 1971- **Primeira historieta galega: *O emigrante*** de Marín no número 35 da revista *Chan* de Perfecto Conde
- 1972- Impresión e exhibición en REDOR de *O home que falaba vegliota* do 7 de Abril ao 5 de Maio.
- 1973- **Exposición *Cómic do Castro*** na Escola Normal da Coruña posteriormente, do 26 de Novembro ao 13 de Decembro do 1973, co nome de Mostra do Cómic Galego, no Círculo Mercantil Industrial de Santiago
- 1973- **Primeira revista de cómic galego: *A cova das choias***. Revista de cómic galego con Xosé Díaz e Chichi Campos do grupo de Cómic do Castro editada clandestinamente dende Xenebra nas Edicións Roi Xordo.
- 1975- **Primeiro álbum galego: *2 viaxes***, editado por Brais Pinto en Madrid con *O longo camiño de volta dende as estrelas* ou *A longa viaxe do capitán Zelta* de X. Marín *A saga de Torna no tempo* de Patiño.
- 1979- **Primeiro fanzine de cómic: *Xofre***. *Historieta galega*, tirado na Coruña, con Miguelanxo Prado, Xan López Domínguez, Fran Jaraba e Ricardo Lázaro
- 1982- Especial de *Coordenadas* publica *O home que falaba Arameo* de Patiño de Coruña.
- 1983- *Valium 10* de "Fausto" Castiñeiras Isorna Santiago que incluíría *Valiumonze*, un suplemento sobre rock. *Valium10* marcou un fito importante ao vender o tope de 1000 exemplares, o mesmo que tiraría o *Frente Comixario*.
- 1984- *Tintimán* de Vigo formato tabloide e con portadas plastificadas contraportada era unha sección de cómic, *Tintimán cómic*.
- 1984- *La Naval. Revista atlántica* de A Coruña con Prado, Chichi Campos e Antón Reixa
- 1984- **Primeiro fanzine de crítica de historieta: *Interlinea*** (2 números) de Carlos Portela.
- 1987- **Primeiro programa de radio sobre historieta: *A tebeoteca*** en Radio Ecca de Vigo por Carlos Portela.
- 1988- Álbum *O home que falaba Arameo* editado por O Castro co devandito de Patiño e *Conta atrás* de Marín.

- 1988- **Número cero do Frente Comixario.**
- 1989- **Primeiro Salón do Cómico de Galicia: as I Xornadas de Banda Deseñada de Ourense** do 16 ao 20 de Outubro.
- 1993- **Primeiro comic-book galego *Papagaio Spray*** de Fernando García Varela editada polo F.C.
- 1993- 6º e último número do F.C.